

Luz divina e outros retratos

Pablo Vaamonde

Cad. Aten. Primaria
Año 2006
Volumen 13
Pág. 64-66

Nesta sección recuperada de Humanidades ofrecemos neste número o prólogo, de Xulio López Valcarcel, e os tres primeiros relatos do último libro de Pablo Vaamonde. Editado por Espiral Maior en marzo deste ano, titúlase LUZ DIVINA E OUTROS RETRATOS.

PRÓLOGO

Consolidando a súa ben definida vocación de escritor, aquí temos a nova entrega, a terceira, de Pablo Vaamonde. "Luz Divina e outros retratos" é o título. Unha presa de pequenas historias que reflicten de maneira fiel unha parte significativa da sociedade galega actual. Retratos extraídos da vida cotiá, con esa capacidade identificatoria tan característica da obra de Vaamonde. ¿Cómo non recoñecer nestes relatos algunha historia, propia ou allea, semellante?...

Como retratos que son, describen polo miúdo os rasgos físicos e psicolóxicos dos protagonistas, moitas veces cargados de dozura, como a nena Luz Divina. Pero nunca é unha dozura convencional ou tópica, sempre ha de aparecer unha sombra. Quizais o verdaderamente salientable, á marxe das descrições consubstanciais ao xénero, sexa ese resumo dramático que nos queda ao rematar a lectura destas historias que semellan retallos frescos e vivos da realidade que nos rodea. A fragilidade e a frustración duns seres que rematan por debaixo das súas aspiracións, cos soños fanados, como ocorre en "A leiteira", unha rapaza universitaria que por circunstancias mal dadas, acaba exercendo non de avogada, para o que estudara en Santiago, senón de labrega. A proximidade que Vaamonde pretende, vese reforzada pola abundancia de tempos verbais, moitos deles en presente, facéndonos partícipes do narrado e dotando ao texto de credibilidade e lixeireza. Nese sentido, contribúen a alixeirar a lectura, o emprego de frases curtas, axeitadas tamén para asulagarnos na rutina e no tempo vougo que padecen os protagonistas dos relatos. Un bo exemplo atopámolo en "Os vellos",

ao facer referencia a que "non para de chover", ou cando o velliño pregunta dúas veces en moi pouco espacio de tempo se "chamou o rapaz". Expresión máxima desa rutina, do abatemento que o tedio conleva é "O encerrado", onde Pablo Vaamonde se vale dunha continua xustaposición de ideas e pensamentos que nos fan imaxinar a crueldade e a dureza do encerro, moi diferente da xustaposición de "O medoso", con outra finalidade, a de mostrar a rapidez coa que os anos pasan. Nesta mesma liña, de descubrir todas as cartas, de aclarar completamente o que nos conta, ao final de cada relato introduce Vaamonde unha especie de epílogo que aglutina o narrado, redondeando, ultimando a súa intencionalidade e a súa comprensión. A estima do autor polas súas criaturas vémolos na historia dun humilde canciño que nos conta como é a súa vida no "palleirán", ou na constelación de afectos achegados a seres indefensos ou necesitados: nai, avoa, fillo enfermo, neno da aldea; utilizando eficazmente o sarcasmo en "O pobre", para a denuncia social..., ou mergullándonos con pesada plomada na mediocridade que asoballa "A vida de Luisiño", empregando expresións moi directas, "Luisiño foi sempre un tipo ligh".

A evocación de obras mestras, ben asimiladas, é perceptible en "A quenlla", trasunto da metamorfose kafkiana, coa inequívoca sensación de grima ao imaxinar como lle están a saír as escamas a Gregorio Portela, ou as claras reminiscencias da película de Hitchcock "A xanela indiscreta", en "Un home na fiesta".

Pablo Vaamonde retrata con acerto unha parte da nosa realidade colectiva, como xa fixo no seu día, de maneira maxistral Castelao, utilizando unha serie de testemuños recollidos das propias vivencias, pode que incluso autobiográficas (as sucesivas referencias á Coruña e ao Depor, a enciclopedia que lle regala a mestra ao neno, a radio que se escoitaba de noite na casa...), pero transcendidos nunha nova dimensión marcada polos valores literarios

e pola "intencionalidade". Estamos, pois, ante un tapiz vivo, tecido por xentes que atopamos no autobús, no ascensor, ou por que non, no propio fogar, xentes que tecen coas súas vidas a idiosincrasia e *modus vivendi* do noso tempo, e que Pablo Vaamonde nos amosa con fermosa e hábil sinxeleza.

LUZ DIVINA

A nena naceu cando súa nai andaba preto dos cincuenta anos. Xa tiñan catro fillos. O máis vello, de trinta, andaba de conductor dos autobuses do Celta. Outro estaba en Francia, e os dous máis novos traballaban co pai nas leiras. Non desexaban máis fillos pero aquela cativa foi como un regalo. Xa desde pequena chamou a atención pola súa beleza e dozura. Non había nena máis bonita en toda a parroquia. Tareixa, súa nai, ollaba para ela coma se fose unha deusa. Loira e cos ollos azuis, tiña sempre unha expresión de bondade, o sorriso asomando no rostro, a ollada limpa, o xesto afectuoso. Acaíalle ben o nome que lle puxeran na pia do bautismo: Luz Divina. Era unha beleza especial, como a das flores serodías. Algo melancólico e irreductible ó mesmo tempo.

O pai pasáballe pola cara aquela man endurecida polo legón e o traballo duro. Ollaba para a nena e sentíase débil e feliz diante da súa beleza. Era un home silencioso, obstinado e rudo, cunha biografía de longos días de faena acumulada, que pasou a vida nunha pobreza núa como a morte. Agora, cando a súa filla lle regalaba un sorriso, sentíase recompensado.

Os irmáns adoraban á pequena e xogaban con ela a xogos xa esquecidos da súa infancia remota. A nai dedicáballe todo o tempo que podía, e a cerimonia do peiteado podía prolongarse ata o infinito. Laváballe o pelo e despois, coa toalla sobre os ombreiros e a boca chea de pinzas peiteaba aquela longa cabeleira que a nai non pensaba cortar ata despois da primeira comunión. Lenta e demoradamente ía elaborando dúas trenzas que xa chegaban ata a cintura. Tareixa coidaba da filla con tenrura desesperada.

Eu, que era amigo dos irmáns, e ía moitas veces pola súa casa, contemplaba a escena coma se fose unha aparición. Aquel día de finais de agosto a calor era terrible. Había que ir buscar un carro de millo pero decidiron agardar á caída do sol. A nena quixo acompañar ao pai e aos irmáns. De regreso Luz Divina viña, como tantas outras veces, enriba da palla, agarrada ás cordas. Nun intre desgrazado as vacas moscaron, a nena soltouse e caeu pola cabezalla do carro. Unha roda pasoulle por enriba do peito. O pai decatouse de contado que a nena estaba morta. Coa ollada perdida apertouna forte contra si, berrando: "A miña nena, a miña nena". Sabía que non había nada que facer pero levárona ao médico. Tareixa estaba sentada na

eira, debullando chícharos, cando o fillo máis novo, co rostro bañado en bágoas, lle levou a noticia.

Enterrárona nunha caixa branca, co vestido da primeira comunión que non chegou a celebrar, o pelo caendo polo peito como unha ferverza. Nos beizos o mesmo sorriso, na cara a mesma expresión de dozura. A primeira chuvia de setembro, xenerosa e brutal, inundaba os campos. Corrían as augas pola estrada abaixo, arrastrando follas e deixando un cheiro de palla mollada. A nai chorou en silencio. O pai apertaba os puños con rabia e impotencia. Unha desesperación profunda agarrábo no peito. O cura, no funeral, falou dos designios de Deus, da felicidade dos anxos e da vida eterna.

Pasaron os anos. Naquela casa hai un cuarto pechado. Os homes traballan agora na construción. Tareixa non tirou o loito. Algunhas tardes pon a cadeira a carón da fiestra e pasan as horas. Así permanece con aquel aire de ausencia e distracción, ollando a lenta navegación das nubes polo ceo.

O PAPÁ NOEL

Ela bailaba tan ben que nunca estaba soa. Polas verbenas dos arredores da cidade Felisa era a raíña. Alegre e descarada, os mozos máis tímidos receaban de achegarse a ela. O riso estaláballe a cada instante. A súa presenza era un don, transmitíalle aos demais aquela enorme vitalidade. Vivía con seus pais nunha casaña en Palavea. Na parte de atrás, nun cerrado de arame, criaban galiñas. A pesar da súa pobreza doíanlle as desgrazas que suceden polo mundo e sentía compaixón dos nenos que piden esmola á saída da misa.

Aos dezanove anos quedou embarazada. Casou con Xaquín, o seu mozo, e xuntáronse para vivir na casa dos pais. El traballa de chapista, é un home tranquilo, de poucas palabras. Ela frega dous portais na rúa do Santo Andrés. A nena queda coa avoa. Os domingos pola mañá déixanse levar pola preguiza. Levántanse tarde, preto da hora de xantar. Despois de comer van pasear polo porto e paran a ollar os reflexos de ouro que o sol do inverno arrinca no espello do peirao. Namentres a nena, que xa medrou, corre dun lado a outro coa bicicleta que lle trouxo Papá Noel.

Cando naceron os outros dous rapaces tiveron que buscar aloxamento. Foron coa tía Dolores, que vivía soa nunha casa con tres cuartos. Nesta casaña de planta baixa, nas aforas da cidade, coas paredes manchadas pola humidade, levan agora quince anos. Raquel, Fernanda e Berto, os tres fillos, medran na rúa. Chegan á adolescencia sen que Felisa se decate. Ela non perdeu a vitalidade. Todos os anos, en chegando o mes de abril, volve repintar as paredes de branco. Todos os días, despois de fregar os por

tais, prepara a comida. Cando Xaquín abre a porta da casa ten o xantar agardando na mesa da cociña.

A tía Dolores quedou paralizada do lado dereito e Felisa coida dela con agarimo. Lávaa, vístea, cóntalle as murmuracións do barrio. Ponlle un pano arredor do pescozo a modo de babeiro e vaille dando a comida amodiño coa culler. Sempre lle dá un grolíño de viño ao rematar. A vella pasa horas sentada no sofá, á beira da fiestra. Ás veces quéixase. "Máis me valía morrer que estar así", protesta. Hai días en que non quere falar e négase a comer. "Ai Loliña, que rabuda es. Voute deixar aquí soa, a ver despois quen che limpa o cu", repréndea Felisa. Os días de sol a calor baixa limpa e derrámase sobre esta rúa de pobreza, roupa tendida e choros infantís. Felisa saca unha cadeira de hule verde con elefantes pintados no respaldo. Colle á vella nos brazos e séntaa alí, na beira da porta, cun chapeu protexéndolle os ollos, para que vexa o mundo e fale cos veciños.

Todos os días, cando chegan os rapaces, van ao seu cuarto para saudala e danlle un bico na fronte. Elas traballan nun obradoiro de costura e o Berto converteuse nun experto percebeiro. Desde os trece anos non foi á escola. Desespera á nai coa súa indolencia. "Aparta de aí, lacazán, que parece setemesiño", dille Felisa cando se enfada. O rapaz desaparece e tarda horas en regresar. Decembro está escuro e na radio da cociña anuncian chuvias máis intensas. As paredes da casa xa están negras e as gaivotas voan baixas preto da costa. Raquel, que ten agora dezaoito anos, acaba de contarlle á nai que está embarazada de catro meses. "¡Xa chegou Papá Noel! ¡Eramos poucos e a nena quedou preñada!", exclama ela sen pensalo. "Pois haberá que crialo, que remedio". A rapaza ten medo da reacción do pai. "Dálle a el boa ansia: vai quedar máis contento que o cuco", remata Felisa a cuestión.

O HOME SEN MEMORIA

Esta noite espertei sobresaltado. Tiña un pesadelo que me provocaba un gran desacougo. Víame só, nunha rúa descoñecida, co empedrado brillante pola choiva e unha néboa espesa que só deixaba adiviñar as tenues luces das farolas. Había xente arredor, rostros torvos, olladas afiadas, e sentín a inminencia dun perigo incerto. Un cheiro de alcol e humidade inundaba a noite. Estaba só, perdido e con medo. Espertei respirando axitado, coa anguria agarrada no peito e unha suor fría que me esvaraba pola fronte e o lombo. Non sei se dei un berro, pero foi ela quen acendeu a luz. Eu seguía asustado, porque non recoñecín a habitación. Non sabía onde estaba, nin quen era aquela muller que me pasaba a man pola cara e me falaba con calma pronunciando o meu nome. Tranquilo,

Óscar, que non pasa nada. Tranquilo, que estou aquí contigo. Tardei case un minuto en darme conta de que estaba no meu cuarto, na mesma cama, coa mesma mesiña de noite, co mesmo roupeiro, o mesmo espello, os mesmos cadros colgados da parede, o Cristo na cabeceira cunha ramiña de oliveira enganchada da cruz. María, a miña muller desde hai cincuenta anos, estaba deitada ao meu lado, alí onde o colchón xa coñece de memoria a forma e o peso do seu corpo.

Ela botábame o brazo esquerdo por debaixo do pescozo e a outra man pasábama pola cara e polo peito. Así o fixo sempre para calmar as miñas angurias, para suavizar os meus fracasos, para desterrar os meus temores. Esa foi a man que sempre me deu seguridade e forza. Nos peores momentos da miña vida sempre estivo alí para apoiarme. Quizais foi o seu tacto o que me axudou a volver á realidade. Rompín a chorar. Ela acochoume contra o seu peito. Pouco a pouco funme sentindo mellor. Eran as catro da mañá e ningún dos dous volveu durmir. Estivemos un a carón do outro, como tantas veces, sen falar. Faime ben estar así. Non son precisas as palabras. Eu ben sei o que pasa e ela tamén o sabe. Hai tempo que me decatei. Ás veces tardaba en recuperar unha verba, en entender unha frase, en atopar o nome dunha persoa, en situar unha cara no seu contexto. Bah, despistes, dixen para min. Sempre presumín de boa memoria, pero os anos non pasan en balde. Houbo un día que me perdín na rúa, igual que no soño. Merquei o xornal, entrei no Venecia tomar un café con leite, discutín co camareiro sobre as últimas fichaxes do Dépor. Logo saín para o paseo matinal. Había unha rúa cortada por obras e fixen outro percorrido. De súpeto atopeime perdido, só e anguriado.

Tiven que preguntar para volver á miña casa. Non lle contei nada a María. Ela e as fillas son o mellor que me pasou nesta vida. Desde hai meses veñen todas as tardes para estar comigo. Falamos de cando era novo. Síntome a gusto neses intres. Así estou en territorio seguro e coñecido. Pero teño medo de esquecer máis cousas, de non poder valerme por min mesmo. Teño 74 anos. Co tempo fun borrando algunhas xenreiras, moitas ambicións. Esquecín certezas e gañei outras.

Hai tempo xa que botei a áncora nesta esquina da cidade. Andei o meu camiño e tentei sempre manter a dignidade. Pero agora teño medo a perder a memoria. Un home sen memoria non é nada. Procuo levar unha orde, poñer todo no seu sitio, repetir sempre a mesma rutina. Fago exercicios para non esquecer os nomes das cousas. Quizais algún día esquecererei o meu propio nome, quedarei coa cabeza baleira de recordos. Pero sei que a súa man sempre estará aquí para axudarme a recuperar a confianza.